

da Xunta de Galicia, publicado no *Diario Oficial de Galicia* nº 113, do 13 de xuño de 2007, modificado pola Orde do 29 de xuño publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 128, do 3 de xullo de 2007, á vista da proposta do 26 de febreiro de 2008, da comisión encargada de valorar os méritos alegados polos concursantes, e de conformidade coa base VI.5 da convocatoria, esta dirección xeral

**RESOLVE:**

Primeiro.-Facer públicas as relacións coas puntuacións provisionais dos concursantes admitidos para cada un dos postos solicitados. Estas relacións atópanse expostas nos taboleiros de anuncios da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, nos das súas delegacións provinciais, no Servizo de Información Administrativa e Atención ao Cidadán en Santiago de Compostela, no Servizo de Información dos edificios administrativos da Xunta de Galicia en Vigo e Ferrol, nas oficinas comarcais da Xunta de Galicia e tamén poderá consultarse a través da páxina web oficial da Xunta de Galicia (www.xunta.es)

Segundo.-Os interesados poderán formular reclamación contra as puntuacións provisionais no prazo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2008.

M<sup>a</sup> del Mar Rodríguez Fernández  
Directora xeral da Función Pública

*Resolución do 28 de febreiro de 2008, do tribunal IV-G designado para xulgar o proceso selectivo para o acceso á categoría 011 de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia (auxiliar de laboratorio), polas quendas de promoción interna e cambio de categoría e acceso libre, convocado pola Orde do 21 de febreiro de 2006 (Diario Oficial de Galicia número 81, do 27 de abril) e Orde do 16 de novembro de 2006 pola que se modifica a orde da convocatoria (Diario Oficial de Galicia número 229, do 28 de novembro), pola que se fan públicas as puntuacións obtidas polos aspirantes na fase de concurso.*

En sesión que tivo lugar o día 28 de febreiro de 2008, o tribunal IV-G designado pola Orde do 13 de xuño de 2007, para cualificar o proceso selectivo para acceso á categoría 011 do grupo IV de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia (auxiliar de laboratorio), pola quenda de promoción interna e cambio de categoría e acceso libre, de conformidade co disposto na devandita orde de convocatoria,

**ACORDOU:**

Primeiro.-Desestimar na súa totalidade a reclamación presentada por unha das aspirantes contra a puntuación acadada na fase de baremación provisional.

Segundo.-Facer pública, como anexo a esta resolución, a baremación definitiva da fase de concurso con indicación da puntuación obtida polos distintos aspirantes en cada epígrafe.

Terceiro.-Comunicar que, contra esta resolución, os interesados poderán formular recurso de alzada ante o conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co disposto nos artigos 114 e 115 de Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2008.

Natividad Moreira Arincón  
Presidenta do tribunal IV-G

**ANEXO**

Puntuacións obtidas na fase de concurso do proceso selectivo para o acceso á categoría 011 (auxiliares de laboratorio) do grupo IV de persoal laboral fixo. Acceso libre:

NIF	Apelidos e nome	Base II.1.1	Base II.1.2	Total
36155386F	Álvarez Ferreiro, José L.	0	0,1	0,1
76414987V	Bardancas Vázquez, Belén	2,7	3,6	6,3
53169027L	Bello Filgueira, Olga	0	0,1	0,1
76825486N	Bértolo Gil, Adriana	0	3,46	3,46
32814165L	Castro Domínguez, Mónica María	0	0	0
32762614B	Cernadas Borrajo, María Dolores	8,4	3,6	12
78737206H	Costas Iglesias, Francisco J.	6,9	3,6	10,5
34930628E	Gallego Pérez, María Pilar	0	3,6	3,6
35301067T	Llevot Sánchez, María Jesús	0	1,15	1,15
32683325A	Orlás Arao, David	0,1	3,6	3,7
33300288Z	Pazos Brea, María	0,6	3,6	4,2
44846822L	Suárez Ribadas, Yolanda	0	0	0
32643101Y	Vidal López, Concepción	1	3,6	4,6
32827552C	Vilar Prego, Beatriz	2,28	3,6	5,88

Puntuacións obtidas na fase de concurso do proceso selectivo para o acceso á categoría 011 (auxiliares de laboratorio) do grupo IV de persoal laboral fixo. Promoción interna:

NIF	Apelidos e nome	Base II.1.1	Base II.1.2	Total
32685792D	Arenas Riveiro, María Belén	6,6	1,05	7,65

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

*Resolución do 29 de febreiro de 2008, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se resolve provisoriamente o concurso de traslados específico, entre funcionarios docentes do corpo de profesores de ensino secundario, para cubriren prazas nos centros específicos de educación e promoción de adultos.*

Pola Orde do 16 de novembro de 2007 (DOG do 27 de novembro) convocouse concurso de traslados específico, entre funcionarios docentes do corpo de profesores de ensino secundario, para cubriren prazas nos centros específicos de educación e promoción de adultos.

Procede agora facer pública a adxudicación provisoria de destinos obtidos neste concurso de traslados. Na súa virtude, esta secretaría xeral

### DISPÓN:

Primeiro.-En virtude desta resolución provisoria de concurso de traslados, adxudicarlles destino provisoria aos profesores de ensino secundario que figuran no anexo I nos centros que alí se especifican.

Segundo.-Publicar a relación de excluídos no anexo II, polas causas que se indican.

Terceiro.-Contra esta resolución provisoria cabe reclamación e renuncias segundo o establecido na base décimo primeira da orde de convocatoria. No entanto, serán admitidas as reclamacións e renuncias presentadas con anterioridade.

Cuarto.-As reclamacións e renuncias, segundo o establecido na base décimo primeira da orde de con-

vocatoria, poderanse presentar a través do órgano en que presentaron a súa instancia de participación e polos procedementos a que alude a base sexta da orde de convocatoria.

O prazo para presentar reclamacións será de dez días e o das renuncias será de cinco días hábiles, contados a partir da publicación desta resolución.

As persoas que desexen renunciar á súa participación no concurso, deberán realizala aínda no suposto de que non obtivesen destino na resolución provisoria, xa que, de non o facer, poderán obter destino na resolución definitiva. O destino adxudicado na resolución definitiva é irrenunciable.

Santiago de Compostela, 29 de febreiro de 2008.

Benito Fernández Rodríguez  
Secretario xeral da Consellería de Educación  
e Ordenación Universitaria

### ANEXO I

#### 590005 - Xeografía e historia

González Montañés, Julio Ignacio	DNI: 32633060Q								
Baremos:	1.1.: 0.00	1.2.: 87.00	1.3.: 5.00	1.4.: 2.90	1.: 94.90	2.1.: 0.00	2.2.: 2.50	2.: 2.50	Total: 97.40
Centro adxudicado:	36018872 - Centro Público de Educación e Promoción de Adultos de Pontevedra (Pontevedra)								
Raíces Núñez, María Luisa	DNI: 33806834P								
Baremos:	1.1.: 0.00	1.2.: 75.00	1.3.: 0.00	1.4.: 4.00	1.: 79.00	2.1.: 1.00	2.2.: 8.00	2.: 9.00	Total: 88.00
Centro adxudicado:	27020811 - Centro Público de Educación e Promoción de Adultos de Bonxe (Outeiro de Rei)								
Rial Rodríguez, Jorge	DNI: 35320277M								
Baremos:	1.1.: 0.00	1.2.: 5.00	1.3.: 0.00	1.4.: 4.20	1.: 9.20	2.1.: 0.00	2.2.: 0.00	2.: 0.00	Total: 9.20
Centro adxudicado:	36024720 - Centro Público de Educación e Promoción de Adultos da Lama (Lama (A))								

#### 590006 - Matemáticas

García Díaz, Juan Luis	DNI: 44252625G								
Baremos:	1.1.: 0.00	1.2.: 9.00	1.3.: 0.00	1.4.: 4.85	1.: 13.85	2.1.: 0.00	2.2.: 0.00	2.: 0.00	Total: 13.85
Centro adxudicado:	15032650 - Centro Público de Educación e Promoción de Adultos de Teixeira (Curtis)								
Hierro Villarino, Marta	DNI: 76928513E								
Baremos:	1.1.: 0.00	1.2.: 3.00	1.3.: 4.00	1.4.: 5.00	1.: 12.00	2.1.: 0.00	2.2.: 1.44	2.: 1.44	Total: 13.44
Centro adxudicado:	36024720 - Centro Público de Educación e Promoción de Adultos da Lama (Lama (A))								
Pérez López, María Trinidad	DNI: 76716366G								
Baremos:	1.1.: 0.00	1.2.: 10.00	1.3.: 5.00	1.4.: 4.00	1.: 19.00	2.1.: 0.00	2.2.: 0.00	2.: 0.00	Total: 19.00
Centro adxudicado:	32020771 - Centro Público de Educación e Promoción de Adultos do Pereiro de Aguiar (Pereiro de Aguiar (O))								
Portero Vázquez, Mari Paz	DNI: 33849580C								
Baremos:	1.1.: 0.00	1.2.: 83.00	1.3.: 1.00	1.4.: 4.80	1.: 88.80	2.1.: 0.00	2.2.: 6.00	2.: 6.00	Total: 94.80
Centro adxudicado:	27020811 - Centro Público de Educación e Promoción de Adultos de Bonxe (Outeiro de Rei)								

#### 590007 - Física e química

Souza Castelo, María Jesús	DNI: 32592780D								
Baremos:	1.1.: 12.00	1.2.: 107.00	1.3.: 0.00	1.4.: 4.05	1.: 123.05	2.1.: 0.02	2.2.: 10.00	2.: 10.02	Total: 133.07
Centro adxudicado:	15025621 - Centro Público de Educación e Promoción de Adultos Eduardo Pondal (Coruña (A))								

#### 590011 - Inglés

Otero Varela, Benito	DNI: 32815940T								
Baremos:	1.1.: 0.00	1.2.: 48.00	1.3.: 2.00	1.4.: 4.25	1.: 54.25	2.1.: 0.00	2.2.: 2.98	2.: 2.98	Total: 57.23
Centro adxudicado:	15032650 - Centro Público de Educación e Promoción de Adultos de Teixeira (Curtis)								
Pérez-Schofield Lorenzo, Francisco Javier	DNI: 33221625B								
Baremos:	1.1.: 0.00	1.2.: 47.00	1.3.: 1.00	1.4.: 5.00	1.: 53.00	2.1.: 0.00	2.2.: 10.00	2.: 10.00	Total: 63.00
Centro adxudicado:	27020811 - Centro Público de Educación e Promoción de Adultos de Bonxe (Outeiro de Rei)								
Prieto López, María Rosa Ángeles	DNI: 10036156Z								
Baremos:	1.1.: 0.00	1.2.: 16.64	1.3.: 0.00	1.4.: 5.00	1.: 21.64	2.1.: 0.00	2.2.: 0.00	2.: 0.00	Total: 21.64
Centro adxudicado:	36024720 - Centro Público de Educación e Promoción de Adultos da Lama (Lama (A))								

#### 590053 - Lingua e literatura galega

Amado Silvar, María Jesús	DNI: 32647573Q								
Baremos:	1.1.: 0.00	1.2.: 18.00	1.3.: 3.00	1.4.: 5.00	1.: 26.00	2.1.: 0.25	2.2.: 0.00	2.: 0.25	Total: 26.25
Centro adxudicado:	15032650 - Centro Público de Educación e Promoción de Adultos de Teixeira (Curtis)								
González Avión, Emilio	DNI: 35555939D								
Baremos:	1.1.: 0.00	1.2.: 9.00	1.3.: 0.00	1.4.: 2.30	1.: 11.30	2.1.: 1.37	2.2.: 0.00	2.: 1.37	Total: 12.67
Centro adxudicado:	36024720 - Centro Público de Educación e Promoción de Adultos da Lama (Lama (A))								

## ANEXO II

Amieiro López, Alejandro	33843888-D	Non se oferta vacante
Balboa Fernández, Felipe	34987195-D	Funcionario en prácticas
Barrio Rodríguez, Ramona	76774518-N	Non se oferta vacante
Chenlo Barreiro, Juan Carlos	35448943-D	Non se oferta vacante
García Pintos, Sira M. Concepción	33231964-T	Non se oferta vacante
Lamelas Fariña, Emilia Esperanza	76862559-D	Non se oferta vacante
Muñoz González, Ana Isabel	34997277-V	Funcionaria en prácticas
Pereira Romero, Rosina	36045558-G	Non se oferta vacante
Pérez Conde, Juan Antonio	44078535-R	Non se oferta vacante
Pérez Losada, María de los Ángeles	34930739-H	Non é funcionaria de carreira nesta comunidade
Rosales Noves, José M.	35255496-S	Non se oferta vacante
Souto Bragado, Jesús Javier	33326817-R	Funcionario en prácticas
Tallón Fontao, María del Carmen	35287849-F	Non se oferta vacante
Villaverde Aboal, Santiago	44080241-M	Non se oferta vacante

## CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

*Corrección de erros.-Orde do 21 de febreiro de 2008 pola que se anuncia a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, de dous postos de traballo vacantes nesta consellería.*

Advertido erro no anexo I da citada orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 44, do 3 de marzo de 2008, cómpre realizar a seguinte corrección:

Na páxina 3.622, no anexo I, en referencia ao posto de secretario/a de apoio, dependente do gabinete da consellería, é necesario engadir a observación de: xornada mañá/tarde.

## INSTITUTO GALEGO DA CALIDADE ALIMENTARIA

*Resolución do 29 de febreiro de 2008 pola que se anuncia a convocatoria de cinco prazas de persoal laboral fixo, pola quenda de acceso libre, para este ente público.*

O Instituto Galego da Calidade Alimentaria (Ingacal), foi creado pola Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega, e o seu regulamento foi aprobado polo Decreto 259/2006, do 28 de decembro (DOG nº 13, do 18 de xaneiro de 2007).

O Ingacal, de acordo co establecido no artigo 31 da Lei 2/2005, configúrase como un ente de dereito público dos previstos no artigo 12.1º b) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro. Por outra banda, Ingacal esta sometido á Lei 10/1996, do 5 de novembro, de

actuación de entes e empresas participadas nas cales ten participación maioritaria a Xunta, en materia de persoal e contratación. Por acordo do Consello de Dirección do Ingacal, do 11 de xaneiro de 2008, apróbanse as seguintes bases da convocatoria do proceso selectivo para o ingreso no cadro de persoal fixo do Ingacal.

De acordo con todo o anterior, resólvese convocar o proceso selectivo para o ingreso no cadro de persoal fixo do ente público Ingacal, de acordo coas seguintes bases da convocatoria.

### 1. Normas xerais.

1.1. Estas bases teñen por obxecto a selección e posterior contratación laboral con carácter fixo de cinco prazas para o ente público Instituto Galego de Calidade Alimentaria (Ingacal). Estes postos de traballo vacantes no cadro de persoal do Ingacal constitúen a estrutura básica que permite iniciar a actividade do ente público nas áreas de actuación encomendadas no marco da Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega, e o Decreto 259/2006 que desenvolve o seu regulamento de actuación.

1.2. A convocatoria é de acceso libre, e non procede promoción interna ao non existir persoal propio no Ingacal.

1.3. Por non acadarse as porcentaxes mínimas exixidas, non se reserva ningunha praza para ser cuberta por persoas con discapacidade igual ou superior ao 33%.

1.4. O procedemento de selección realizarase consonte os temarios, exercicios, sistemas de cualificación, relación de méritos e baremo que se especifican nesta convocatoria.

1.5. A adxudicación das prazas aos/ás aspirantes que superen o proceso selectivo efectuarase de acordo coas puntuacións totais obtidas entre as diversas fases daquel.

1.6. A este proceso selectivo seralle de aplicación o disposto na Lei 10/1996, do 5 de novembro, de actuación de entes e empresas en que ten participación maioritaria a Xunta de Galicia, en materia de persoal e contratación (DOG nº 227, do 20 de novembro), e demais normas concordantes; os artigos 8 e seguintes do IV convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia (DOG nº 106, do 4 de xuño de 2002), tendo en conta o carácter de ente público do Ingacal, así como o disposto nesta convocatoria.

2. Denominación, número e descrición das prazas convocadas.

### 2.1. Denominación e número de prazas.

A denominación e número das prazas obxecto da convocatoria son as que se relacionan a continuación.